

Nome:

Data:


22

COMPRESIÓN  
GALEGO 3

A GUITARRA

Aquela noite o meu amigo Xurxo quixo darnos un concerto de guitarra no xardín da súa casa.

Tocaba moi mal e aínda cantaba peor, así que cando comezou a cantar tamén comezou a chover a cachón. Todos os invitados ao concerto tiveron que saír correndo e nin se despediron do seu amigo Xurxo.

1.- Cando quixo dar un concerto o noso amigo Xurxo?

2.- Que instrumento tocaba?

3.- Onde era o concerto?


  

4.- Que pasou cando Xurxo se puxo a tocar e cantar?

5.- Que fixeron os invitados cando comezou a chover a cachón?

2 Le e debuxa.




A porta do edificio debaixo do balcón.

Unha fiestra a cada lado do balcón.

Un tarro con flores na varanda do balcón.

Un paso de peóns para cruzar a rúa.




3 Completa cada oración coa palabra axeitada.

beirarrúa

paso de peóns

semáforo

papeleira



Os coches pasan cando o \_\_\_\_\_ está verde.

As persoas camiñan pola \_\_\_\_\_.

A rúa crúzase polo \_\_\_\_\_.

Cómpre tirar os papeis na \_\_\_\_\_.

